



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E QUINCE MINUTOS** do martes día **TRINTA DE OUTUBRO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **CRISTINA ALONSO LOSADA**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:

- Acta da sesión ordinaria de 11 de outubro de 2012.

2.- Dar conta Decretos.

3.- Dación de conta da resolución da subvención para a realización de proxectos destinados ao asesoramento e a formación da poboación inmigrante extracomunitaria.

4.- Dación de conta de escrito de entrega formal das augas de Piñeiro.

5.- Aprobación altas de abastecemento e saneamento, segundo proposta de alcaldía.

6.- Proposta de alcaldía para dar conta das baixas no SAF no programa de libre concurrencia.

7.- Proposta de alcaldía para aprobar a alta no SAF programa de atención á dependencia.

8.- Licencia de obra de rehabilitación do pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores, Independencia 2, S.A.

9.- Remisión a Medio Ambiente do proxecto de cambio de uso de nave industrial con destino a almacén de pedras de marmol e aparellos sanitarios para almacén de botellas e gases comprimidos e depósito crioxénico de gas carbónico. Gallega de Gases y Soldadura S.L..

10.- Aprobación proxectos PID.

11.- Convenio con el concello de Vila de Cruces.

12.- Aprobación pliegos administrativos y técnicos subvención cámaras vídeo vigilancia Area 33.

13.- Aprobación pliegos administrativos y técnicos suministro pata traída de Aguas de San Tirso, Quintela, Andamollo y Vilaverde (Parroquia de Manduas).

1.- APROBACIÓN DE ACTA ANTERIOR:
- Acta da sesión ordinaria de 11 de outubro de 2012.

Preséntanse para aprobación esta acta:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 11 de outubro de 2012.

A Alcaldesa pregunta si hai observacións ou correccións en relación a acta.

O Concelleiro Matías Rodríguez da Torre abstense na aprobación da Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 11 de outubro de 2012, porque non asistiu a esa sesión.

A Xunta de Goberno Local, por maioría simple dos presentes (abstencións una (1) do concelleiro do grupo Mixto e votos a favor catro (4) dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, acorda:

Aprobar a acta da Xunta de Goberno Local que se detalla:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 11 de outubro de 2012.

2.- DAR CONTA DECRETOS.

A Alcaldesa da conta dos Decretos da Alcaldesa e concelleiros delegados ata a data 29 de outubro de 2012 (incluído), preguntando si hai intervencións ou aclaracións .

A Xunta de Goberno Local queda enterada dos Decretos da Alcaldesa e concelleiros delegados ata a data 29 de outubro de 2012 (incluído).

3.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DESTINADOS AO ASESORAMENTO E A FORMACIÓN DA POBOACIÓN INMIGRANTE EXTRACOMUNITARIA.

A Alcaldesa da conta do escrito remitido pola Secretaría Xeral de Emigración-Presidencia, de data 19 de setembro de 2012, Rexistro de Saída da Xunta de Galicia nº 1877, de data 24 de setembro de 2012, Rexistro de Entrada no concello nº 5052 de data 26 de setembro de 2012, asinado polo Secretario Xeral de Emigración, J.



Santiago Camba Bouzas, que se transcribe:

“Resolución da secretaria xeral da emigración pola que se denega unha subvención ao CONCELLO DE SILLEDA para a realización de proxectos destinados ao asesoramento e á formación da poboación inmigrante extracomunitaria na comunidade autónoma galega.

Expediente: PR 911B 2012/27-0

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO: Por resolución do 4 de xullo de 2012, da Secretaría Xeral da Emigración, apróbanse as bases reguladoras e convócanse as subvencións, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, en réxime de concorrencia competitiva, á concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de proxectos destinados ao asesoramento e á formación da poboación inmigrante extracomunitaria na comunidade autónoma galega, e se procede a súa convocatoria para 2012 (publicada no DOG núm. 128 do 5 de xullo de 2012)

SEGUNDO: O 6 de agosto de 2012 a solicitude do Concello de Silleda tivo entrada num dos rexistros aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC).

TERCEIRO: Desenvolvéronse as actividades de instrución polo órgano competente e realizouse a valoración das solicitudes presentadas pola comisión de avaliación prevista no artigo 10.2 das bases reguladoras da Resolución do 4 de xullo de 2012, observándose en todos os seus trámites o procedemento establecido.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRO: A competencia para coñecer e resolver o presente expediente correspóndelle ao secretario xeral da Emigración, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en relación co disposto no artigo 10.1 da Resolución do 4 de xullo de 2012.

SEGUNDO: No artigo 3 das bases reguladoras da convocatoria a entidade solicitante non cumpre o requisito 1.B: "Superar o 2,5% de poboación inmigrante extracomunitaria e ter como mínimo empadroadas no concello máis de 100 persoas inmigrantes extracomunitarias. No caso de non superar o 2,5% de poboación inmigrante extracomunitaria, débese ter como mínimo empadroadas no concello máis

de 1.000 persoas inmigrantes extracomunitarias

TERCEIRO: Vistos os preceptos legais citados xunto coas normas de xeral e pertinente aplicación.

RESOLVO:

Denegar a solicitude de subvención presentada polo Concello de Silleda, por non cumprir a entidade solicitante as condicións para ser beneficiario da subvención de acordo coas bases reguladoras da convocatoria.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Secretario Xeral da Emigración, no prazo dun mes que comezará a contar o día seguinte ao da notificación desta resolución, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que comezará a contar o día seguinte ao da notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme ao establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Mediante este documento notifícase a Paula Fernández Pena esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro de 1992), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 16, do 19 de xaneiro de 1999, e BOE núm. 30, do 4 de febreiro de 1999)."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, queda enterada deste escrito.

4.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DE ENTREGA FORMAL DAS AUGAS DE PIÑEIRO.

A Alcaldesa da conta do escrito remitido por Augas de Galicia - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 11 de outubro de 2012, Rexistro de Saida da Xunta de Galicia nº 000460, de data 11 de outubro de 2012, Rexistro de Entrada no concello nº 5393 de data 15 de outubro de 2012, asinado polo Departamento de Oficina Técnica, Teresa Gutiérrez López, no que indica que remite acordo do Director de Augas de Galicia, a través do cal se fai entrega ao concello de Silleda da obra "Clave: OH.236.952 - Condución de auga para uso doméstico na parroquia de Piñeiro. Silleda (Pontevedra)" xuntándose un exemplar da acta de recepción da obra:

A Acta de entrega de obra ao Concello, literalmente di:

"ACTA DE ENTREGA DE OBRA AO CONCELLO

OBRA: *CONDUCIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO NA PARROQUIA DE PIÑEIRO. SILLEDA (PONTEVEDRA).*

CLAVE: *OH.236.952*

ANTECEDENTES

Na data 15 de abril de 2011 foi publicado no DOG nº 75 o anuncio de licitación da obra "Condución de auga para uso doméstico na parroquia de Piñeiro. Silleda (Pontevedra)", de Clave OH.236.952.

O Presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos adjudicou o 18 de agosto de 2011 á empresa CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L., a construción da obra de referencia, sendo asinado o correspondente contrato o 25 de agosto de 2011 polo representante da empresa.

O Concello de Silleda en Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2011 acordou por unanimidade, asumir o compromiso de explotación das obras unha vez rematadas.

O 10 de outubro de 2012, unha vez inspeccionadas as obras e considerando que foron executadas de acordo coas prescricións técnicas do Contrato e as instrucións dadas polo Director das obras, levantouse a correspondente acta de recepción, de acordo co establecido no artigo 218 da Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e no artigo 164 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Unha vez finalizadas e recibidas as obras pola Administración Hidráulica de Galicia procédese, por medio do presente oficio, á entrega formal das mesmas ao Concello de Silleda, como destinatario final da obra realizada, correspondéndolle dende esta data a súa explotación, mantemento e conservación, e asumindo o compromiso de efectuar os traballos ordenados pola inspección facultativa despois da execución das obras.

Infórmase asemade a este Concello, coma responsable da explotación e mantemento da obra, da obrigatoriedade imposta polo artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006, pola que se establecen disposicións

Xunta de Goberno Local de 30 de Outubro de 2012

Páxina 5 de 92

xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión de manter a inversión que fora realizada con cargo a este fondos por un prazo mínimo de 5 anos dende o seu termo, non garantíndose no caso contrario a contribución dos mesmos.”

A Acta de Recepción, literalmente di:

“ACTA DE RECEPCIÓN

IDENTIFICACIÓN: OH.236.952

DENOMINACIÓN: CONDUCCIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO NA PARROQUIA DE PIÑEIRO

CONCELLO: SILLEDA

PROVINCIA: PONTEVEDRA

ÓRGANO CONTRATANTE: EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

EMPRESA ADXUDICATARIA: CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO S.L.

IMPORTE ADXUDICACIÓN OBRA INICIAL	(s.ive)	155.000,00 Euros
TOTAL OBRA A RECIBIR	(s.ive)	155.000,00 Euros
TOTAL OBRA A RECIBIR	(c.ive)	182.938,62 Euros

No lugar das obras de referencia, sendo as 12 horas do día 10 de outubro de 2012, reúnense as persoas ao final relacionadas, de conformidade co regulado ao efecto polos artigos 205.2 e 218.1 do Lei 30/2007 de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e polo arto 164 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, para proceder á recepción da obra de referencia.

Recoñecidas, e inspeccionadas as obras por todos os asistentes, considerando que si foron executadas de acordo coas prescricións técnicas do contrato e as instrucións dadas polo Director das Obras, o Técnico Facultativo representante da Administración contratante, acorda si recibir as mesmas, procedendo a apertura do prazo de garantía, de conformidade co regulado ao efecto polos artigos 205.3 e 218.2 da devandita Lei, e ao artigo 167 do devandito Regulamento.

Polo Director da obra fíxase o día 11 do presente mes, para o inicio da medición xeral, conforme o dispón o artigo 166 da RXLCAP, quedando por este acto notificado ao contratista.



Lida a presente Acta en presenza de tódolos concorrentes, e atopándoa conforme asínase por quintuplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data sinalados

FACULTATIVO ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE
Asdo. Antonio de Arcos Rey

O ENXEÑEIRO DIRECTOR DAS OBRAS
Asdo. Juan Marcos Álvarez de Gabriel

REPRESENTANTE DA EMPRESA ADXUDICATARIA
Asdo. Iván Junquera Rodríguez

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, queda enterada deste escrito, facendo constar expresamente que lle corresponde ó concello de Silleda a explotación, mantemento e conservación, segundo a citada documentación recollida.

5.- APROBACIÓN ALTAS DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO, SEGUNDO PROPOSTA DE ALCALDÍA.

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 16 de outubro de 2012, que literalmente dí:

“Visto o escrito presentado pola empresa concesionaria do servizo municipal de augas (Espina y Delfín) de data 15 de outubro de 2012 (registro de entrada número 5381) co que se remite a relación de solicitudes de abastecemento e saneamento, así como o importe recadado polas mesmas nas oficinas, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2012 para a súa aprobación.

PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- Dar conta da citada resolución á Xunta de Goberno Local*
- Aprobación da citada relación de solicitudes de abastecemento e saneamento, así como o importe da recadación”*

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 16 de outubro de 2012, acorda:

Aprobar a citada relación de solicitudes de abastecemento e saneamento, así como o importe da recadación

Listado Nº 7) Mes de xullo 2012: Importe: 282,47 €

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Pereiro Toubes José	Rúa Pontevedra, 2 Bj - Silleda
Pereiro Toubes José	Rúa Pontevedra, 2 Bj - Silleda
Verde Martínez Fernando	Rúa D, 8-3E - Silleda
Sánchez Pardo Roberto	Rúa Xeral, 53-3F - Bandeira
Romero Orrea María	Lg. Caxeaba s/n - Saidres

Listado Nº 8) Mes de agosto 2012: Importe: 432,72 €

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Promoval S.L.	Rúa Emilio Alonso Paz, 8-3B - Silleda
López Vaamonde M Luisa	Rúa Antón Alonso Ríos, 28-2C - Silleda
Fernández Ríos Justa Divina	Lg Capelán s/n - Saidres
Rodríguez Tejerina Luis Antonio	Tv República Arxentina s/n-3D - Silleda
Vázquez Rodríguez Rubén	Bo do Campo 7 P4-1K - Silleda
Caramés Fondevila Alejandro	Bo do Campo 7 P3-3G - Silleda
Couto Costoya José Julio	Rúa Emilio Alonso Paz, 20-1D - Silleda
Caramés Fondevila Rocio	Rúa D, 9-2D - Silleda
Montoto Vila José	Lg Rosende, 6 - Ponte
León Vázquez Lourdes	Lg Camporrapado, 20 - Cortegada

Listado Nº 9) Mes de setembro 2012: Importe: 270,45 €

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
García Blanco José Manuel	Lg Eirexe, 7 - Taboada
Mato Frade Albino	Lg Barradaos, 6 - Saidres
González Abreu José	Rúa Emilio Alonso Paz, 7-4B - Silleda



Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Quintela Folla Celia	Lg Cabodevila, 12 - Vilar
Rodríguez Cardigonde Jorge	Lg O Campo, 17 - Vilar
Com Propiet Edificio Cruceiro 2-3	Rúa Trasdeza 33 bj - Silleda
Pérez Barreiro José	Rúa G, 3-1 - Silleda
Vázquez Mallo Carmen Nieves	Rúa Xeral 53-4F - Bandeira
Hermanos de la Fuente CB	Rúa Cartagena, 3-1 - Silleda

**6.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA DAR CONTA DAS
BAIXAS NO SAF NO PROGRAMA DE LIBRE
CONCURRENCIA.**

Dase conta do escrito de Rosa Ana Romero García, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 24 de outubro de 2012, no que solicita a aprobación da baixa no SAF no programa de libre concurrencia de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
Eva López Baloira	Lugar Iglesia, 43, Escuadro	Alta no Programa de Dependencia
Manuel Ignacio Costoya González	Lugar Costela, Margaride 17	Alta no Programa de Dependencia
María del Carmen Castro López	Carral, 11 Taboada	Alta no Programa de Dependencia
Gerardo Pena Castro	A Pena, 8 Breixa	Alta no Programa de Dependencia
Clara Esther Meijome Ares	Paradela, 17 Martixe	Alta no Programa de Dependencia
Elisa Ponte Cabaleiro	Toxa, 25 Silleda	Alta no Programa de Dependencia

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros presentes, acorda a aprobación destas baixas.

7.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA APROBAR A ALTA NO SAF PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA.

Dase conta do informe social elaborado por Rosa Ana Romero García, Traballadora Social do Concello, de data 22 de outubro de 2012, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Emilio Victoriano Lamas Iglesias	Campomarzo-Abades, nº 2

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Emilio Victoriano Lamas Iglesias nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 22 de outubro de 2012.

8.- LICENCIA DE OBRA DE REHABILITACIÓN DO PAZO DE TRASFONTAO E EDIFICIOS ANEXOS INTERIORES, INDEPENDENCIA 2, S.A.

Visto o expediente promovido por Dº José Luis Álvarez Vieitez, sendo o promotor INDEPENDENCIA 2, S.A., en virtude de instancia nº de Rexistro de Entrada 3490 de data 23 de agosto de 2011, solicitando Licencia de obra, de rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores, sito no lugar de Trasfontao (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 01 de setembro de 2011 acordouse:

“Dase conta da solicitude presentada por Dº José Luis Álvarez Vieites, Rexistro de Entrada nº 3490, de data 23 de agosto de 2011, solicitando licencia municipal para rehabilitación do pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores, sitos no lugar de Trasfontado (Silleda), segundo proxecto básico e de execución suscrito polo Arquitecto Dº Paulino Sánchez Chao, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 10 de agosto de 2011. ...

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda remitir este expediente á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia para que emita informe previo á concesión de licencia.”



Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 30 de decembro de 2011 no que se acorda:

“1.1.- LICENCIA DE OBRA E ACTIVIDADE.

1.1.2.- Dº José Luis Álvarez Viéitez. Promotor 2, S.A.”

(.....)

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:

Emitir informe municipal según o artigo 41 da LOUGA (L. 9/2002) para autorización urbanística autonómica.

Remiti-lo expediente completo a:

- a. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.*
- 1. Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, como se indica no punto 4 do informe do Arquitecto asesor técnico do Concello.”*

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 16 de febreiro de 2012 acordouse:

“3.2.- A) CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDOS:

-XGL 30-12-11: José Luis Álvarez.

LICENCIA DE OBRA E ACTIVIDADE

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2011 en relación o escrito de Dº José Luis Álvarez Viéitez, sendo o promotor INDEPENDENCIA 2, S.A. solicitando Licencia de obra, de rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores, sito no lugar de Trasfontao (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do Arquitecto Dº Paulino Sánchez Chao, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10 de agosto de 2011, nº 1105743,1.

Advertido erro no orzamento (sendo correcto 373.513,56 € en lugar de 124.801,56 €) no informe técnico do arquitecto asesor do Concello, Lino Doporto Framil, de data 18-11-11 e xuridico de Juan Carlos González Peteiro da mesma data, procédese a posterior corrección deste erro mediante novo informe do mesmo técnico e xuridico de Juan Carlos González Peteiro, de data 15-02-12, e como consecuencia a Xunta de Goberno Local acorda correxir o erro no acordo correspondente da Xunta de Goberno Local de data 30-12-11, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, resultando aprobado por unanimidade dos presentes, este acordo:

Licencia de Obra e Actividade

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co contido do informe técnico favorable do arquitecto do Concello, Lino Doporto Framil, de data 09 de enero de 2012, e o informe xuridico de Juan Carlos González Peteiro, favorable de data 09 de enero de 2012, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por decreto de 4 de xullo de 2011, acorda por unanimidade dos presentes

Examinado o expediente promovido por Dº José Luis Álvarez Viéitez, sendo o promotor INDEPENDENCIA 2, S.A., en virtude de instancia nº 3490 de data 23 de agosto de 2011, solicitando Licencia de obra, de rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores, sito no lugar de Trasfontao (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do Arquitecto Dº Paulino Sánchez Chao, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10 de agosto de 2011, nº 1105743,1.

RESULTANDO: Que Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xuridico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 18 de novembro de 2011.

RESULTANDO: Que con data 18 de novembro de 2011, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emitese informe no que se sinala:

“

Solicitante	José Luis Álvarez Viéitez
Data da solicitude	23 de agosto de 2011
Nº de Rexistro	3490
Proxecto	Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores



<i>Emprazamento</i>	<i>Lugar de Transfontao, Silleda</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>Parcela 36052A049003280000KY</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>Paulino Sánchez Chao, Arquitecto col. 2143.</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 10.08.2011 n° 1105743,1</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>N/d</i>
<i>Oficio de dirección</i>	<i>N/d</i>
<i>Exposición pública</i>	<i>BOP</i>
	<i>DOGA</i>
	<i>Prensa Faro de Vigo, 3.nov.2011</i>
<i>Orzamento (P.E.M.)</i>	<i>373.513,56 €</i>

ANTECEDENTES:

1. O 23 de Agosto de 2011, R.E. 3490, Don José Luis Álvarez Viéitez, Presenta solicitude de Licencia municipal de obras para o **Proxecto Básico e de Execución de Rehabilitación do Pazo de Trasfontao e edificios anexos interiores**, no lugar do mesmo nome, na parcela de referencia catastral 36052A049003280000KY. Acompaña a solicitude de tres copias de proxecto, redactado polo Arquitecto Paulino Sánchez Chao, col. n° 2143 do COAG.

INFORME:

2. O solo onde se pretende a construción está clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, en aplicación da Disposición Transitoria Primeira "Réxime de Aplicación aos municipios con planeamento non-adaptado", da Lei 9/2002 do Solo de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **solo rústico**.

3. O artigo 40 LOUGA, Edificacións existentes de carácter tradicional ou de singular valor arquitectónico, establece o seguinte: "**Permitirase en calquera categoría de solo rústico, logo da autorización autonómica segundo o procedemento establecido polo artigo 41, a reconstrución e rehabilitación das edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que poderán ser destinadas a vivenda e usos residenciais, a actividades turísticas e artesanais ou a equipamentos de interese público. A reconstrución ou rehabilitación deberá respectar o volume edificable preexistente e a composición volumétrica orixinal.**"

4. Por outra parte, o edificio proxectado ubícase nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, catalogado, entre outros, nas Normas Complementarias e Subsidiarias da Provincia de Pontevedra e no informe e anexos correspondentes rexistrados neste Concello o día 16 de agosto de 2001, R.E. 2407, subscrito pola dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, no que aparece referenciado como Pazo de Transfontao e a Vía da Prata.

5. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, puntos, a xuízo deste arquitecto, **propónse dar traslado dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos:**

- **Consellería de medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.**
- **Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, como se indica no punto 4 deste informe.**

Polo que o técnico que subscibe considera que a memoria presentada non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, de cara á concesión de licencia municipal de obra, previa obtención das autorizacións sectoriais indicadas no punto 5 deste informe técnico.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa, por unanimidade dos presentes, acorda:

Emitir informe municipal según o artigo 41 da LOUGA (L. 9/2002) para autorización urbanística autonómica.

Remiti-lo expediente completo a:

- **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, servizo de Urbanismo, previos os trámites establecidos no artigo 41, a fin de que se tramite a autorización autonómica pertinente.**
- **Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que consulten**

sobre a viabilidade da edificación proposta, por ubicarse nas inmediacións do Pazo de Trasfontao, como se indica no punto 4 do informe do Arquitecto asesor técnico do Concello."

Visto escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Delegación Territorial de Pontevedra, de data 12 de xullo de 2012, asinado polo Director Xeral de Patrimonio Cultura, (p.d. Resolución do 03-02-2012 o xefe do servizo de Coordinación da Área de Cultura, José Manuel González González, Rexistro de Saida da Xunta de Galicia nº 108990, de data 16 de xullo de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello nº 3918, de data 18 de xullo de 2012), que literalmente di:

*"Exp.: 868/11
Promotor: Independencia 2 SA
Asunto: rehabilitación do pazo de Trasfontao.
Documentación: proxecto modificado nº 1 do básico e de execución redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Chao, maio 2012, sen visar.
Situación: Trasfontao (Silleda)*

ANTECEDENTES

1. *Independencia 2 SA promove o expediente de rehabilitación do pazo de Trasfontao, no concello de Silleda.*
2. *Trátase dunha actuación no ámbito do pazo de Trasfontao, ben catalogado no planeamento municipal do concello e por tanto, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, forma parte do inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia. En consecuencia, de acordo co artigo 54 da devandita lei, precisa da previa autorización da Consellería de Cultura.*
3. *Con data 29 de xuño de 2012 emítese informe técnico pola arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural en Pontevedra.*
"Antecedentes
A CTPHP, en sesión de data 17-04-2012, acorda:
Requirir novo proxecto técnico que corrixa as discrepancias existentes entre os diferentes documentos que compoñen o proxecto, debendo incorporar as modificacións sinaladas a continuación, resultado da valoración da actuación pola CTPH:
1. Con respecto aos materiais e técnicas construtivas:
- A limpeza da pedra realizarase con métodos non agresivos.

- Non se desmontará ningún elemento de cantería nin de pavimentos exteriores.

- O illamento dos paramentos interiores dos muros de pedra realizarase con solucións non proxectadas sobre os mesmos.

2. Con respecto ao propio pazo:

-No referente á actuación na capela, considérase innecesario unificar os dous espazos interiores tendo en conta a existencia do retablo e elementos singulares (portas, hornacinas) que separan a sacristía, que se verán afectadas na intervención e que non se reflicten no planos do proxecto. Ademais, considérase que a pasarela proposta neste espazo reducido altera a percepción do mesmo dadas as dimensións e características da capela. E por todo isto que deberá eliminarse a pasarela e conservarse a parede de separación, xunto co altar, as portas, as hornacinas e canto elemento definitorio e característico da capela orixinal.

- No que atinxe a cuberta do pazo, sobre a que xa existe unha actuación recente, considérase que a actuación debe propoñer a recuperación ao estado orixinal, tanto da cuberta como dos aleiros, solucionando o encontro sobre a escaleira de acceso ao patio oeste, recollendo información do estado orixinario.

3. Con respecto aos anexos:

- No que respecta á edificación destinada ás instalacións, considérase innecesario separala cuberta do edificio principal e modificar o seu volume.

- No almacén, a carpintería proposta tras o cerramento de listóns de madeira deberá adaptalas súas particións as existentes, co fin de integrarse e non alterala percepción do alzado exterior e interior. A solución final debe optar por unha carpintería reducida ao mínimo posible.

- No dormitorio de invitados, considérase innecesario pechar o espazo do porche, pois modificaría a tipoloxía destas edificacións con este espazo aberto característico. En todo caso deberá conservarse o pavimento pétreo existente.

-Débese detallar os planos con maior definición dos elementos singulares dos anexos.

Asemade e con carácter independente, deberase solicitar ao concello aclaración ao respecto das recentes actuacións nas cubertas do pazo e demais edificacións anexas.

Consideracións en referencia aos condicionantes do acordo:

- Recíbese informe técnico do concello de data 04-05-2012, no que se establece que non existe ningunha solicitude de obra en relación coas cubertas do pazo e demais edificacións anexas.

- A documentación presentada, novo modificado do proxecto, recolle as

condicións do acordo, a excepción da cuberta.

- A posteriori, preséntase documentación gráfica, postais antigas que recollen a edificación principal, e demostran que existía a mesma solución de cuberta sobre a escaleira do patio.

- En canto as demais condicións: A capela mantén a súa configuración, a carpintería do almacén adáptase nas particións ao alzado exterior, e o alpendre destinado a sala de instalacións non modifica o volume, se ben realízase a apertura de novos ocos necesarios para ventilar o espazo destinado as instalacións.

Conclusiones

Podería informarse favorablemente, se ben falta documentación da planta de cubertas que débese presentar para supervisión recollendo as consideracións realizadas no acordo no referente a manter o estado orixinal da mesma, que unha vez demostrado que a solución sobre a escaleira do patio é a mesma, falta definir aleiros realizando os canlóns e baixantes con materiais tradicionais e eliminando as cabezas de dragón a modo de gárgolas; considerando ademais a supresión da cheminea do dormitorio por ter unha presenza relevante no alzado oeste, e modificando os materiais e sección da cheminea que parte do semisóto, sendo preferible realizala con tubo metálico, seguindo o mesmo criterio para a cheminea correspondente á sala de instalacións.

Reitérase ademais a conservación dos pavimentos de pedra existentes, así como o mantemento dos muros exteriores no seu estado orixinal, e restauración das carpinterías de madeira en bo estado.

O presente informe, ten carácter exclusivamente técnico e redáctase de forma independente a expensas de calquera outro mellar fundamentado e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste á legalidade vixente da actuación pretendida".

4. *A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, na súa sesión do 3 de xullo de 2012, emite informe-proposta no que considera que se pode informar favorablemente sobre a rehabilitación do pazo de Trasfontao, se ben falta documentación da planta de cubertas que se deberá presentar para supervisión polos servizos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural recollendo as consideracións realizadas no acordo anterior no referente a manter o estado orixinal da mesma, que unha vez demostrado que a solución sobre a escaleira do patio coincide, falta definir aleiros realizando os canlóns e baixantes con materiais tradicionais e eliminando as cabezas de dragón a modo de gárgolas; ademais deberá suprimirse a cheminea do dormitorio por ter unha presenza relevante no alzado oeste; no mesmo senso deberá modificar os materiais e sección da cheminea que parte do semisóto, sendo preferible realizala con tubo metálico, seguindo o mesmo criterio para*

a cheminea correspondente á sala de instalacións.

Reitérase ademais a necesidade de conservación dos pavimentos de pedra existentes, así como o mantemento dos muros exteriores no seu estado orixinal, e restauración das carpinterías de madeira en bo estado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *É de aplicación na tramitación e resolución do presente expediente o recollido nas seguintes disposicións normativas:*
 - *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.*
 - *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.*
 - *Decreto 39/2007, do 8 de marzo, polo que se regula a composición e funcionamento das comisións territoriais do Patrimonio Histórico Galego, modificado polo Decreto 103/2010, do 17 de xuño.*
 - *Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.*
 - *Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*
 - *As demais normas de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e ordenación urbana (Lei 9/2002) en relación coa protección e a conservación do patrimonio cultural.*
2. *Resolución do 3 de febreiro de 2012 pola que se delega nos titulares dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias (DOG nº 36 do 21 de febreiro).*
3. *De acordo co artigo 54 da Lei 8/1995 calquera intervención que se pretenda realizar nun ben inventariado deberá ser autorizada pola Consellería competente en materia de protección do Patrimonio, previamente á concesión da licenza municipal.*

De acordo con todo o sinalado, no exercicio da competencia que me atribúe o Decreto 45/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da



Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e conforme ao disposto na resolución de 3 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se delega nos xefes dos servizos de coordinación da área cultural das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o exercicio de determinadas competencias, e á vista do informado polos servizos técnicos do departamento territorial, de acordo coa Comisión territorial do Patrimonio Histórico,

RESOLVO

***Autorizar** a rehabilitación do pazo de Trasfontao, se ben falta documentación da planta de cubertas que se deberá presentar para supervisión polos servizos técnicos do Servizo de Patrimonio Cultural recollendo as consideracións realizadas no acordo anterior no referente a manter o estado orixinal da mesma, que unha vez demostrado que a solución sobre a escaleira do patio coincide, falta definir aleiros realizando os canlóns e baixantes con materiais tradicionais e eliminando as cabezas de dragón a modo de gárgolas; ademais deberá suprimirse a cheminea do dormitorio por ter unha presenza relevante no alzado oeste; no mesmo senso deberá modificar os materiais e sección da cheminea que parte do semisoto, sendo preferible realizala con tubo metálico, seguindo o mesmo criterio para a cheminea correspondente á sala de instalacións.*

Reitérase ademais a necesidade de conservación dos pavimentos de pedra existentes, así como o mantemento dos muros exteriores no seu estado orixinal, e restauración das carpinterías de madeira en bo estado.

Esta autorización non exime das autorizacións sectoriais oportunas e do cumprimento da normativa urbanística vixente.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa recepción, de acordo co artigo 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Mediante este documento notifícase ao Concello de Silleda esta resolución segundo o esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999."

Visto escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Delegación Territorial de Pontevedra,

de data 5 de setembro de 2012, asinado polo xefe do servizo de Coordinación da Área de Cultura, José Manuel González González, Rexistro de Saída da Xunta de Galicia nº 125709, de data 5 de setembro de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello nº 4762, de data 10 de setembro de 2012, que literalmente di:

“Con data 20 de xullo de 2012 ten entrada no rexistro da Xunta de Galicia en Pontevedra documentación relativa á rehabilitación do pazo de Trasfontao que consta de escrito do arquitecto redactor e dos planos reformados B4 PLANTA DE CUBERTAS, e B2M ALZADOS-SECCIONES do proxecto modificado nº 1 de básico e execución.

*Segundo o informe da arquitecta desta xefatura territorial, de data 4 de setembro de 2012, a documentación remitida da cumprimento ás condicións requiridas na resolución do director xeral de Patrimonio Cultural de data 12 de xullo de 2012, polo que se **informa favorablemente**.*

En consecuencia, non existe impedimento por parte desta xefatura territorial en que se conceda licenza municipal.

Non obstante, no referente as novas chemineas realizadas con tubo metálico, recoméndase evitar os acabados brillantes, optando preferentemente por cores escuras ea fin de minimizar a súa presenza.”

Visto escrito da Xefatura Territorial de Pontevedra Servizo de Urbanismo - Consellería de Medio ambiente Territorio e Infraestruturas, de data 10 de outubro de 2012, asinado polo xefe do Servizo de Urbanismo, Alberto Castrillo Escobar, Rexistro de Saída da Xunta de Galicia nº 146379, de data 15 de outubro de 2012 e Rexistro de Entrada no Concello nº 5428, de data 17 de outubro de 2012, que literalmente di:

“A secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, o 10.10.2012, ditou a resolución que se transcribe:

"RESOLUCIÓN DO 10 DE OUTUBRO DE 2012 SOBRE A SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN SOLO RÚSTICO PARA REHABILITACIÓN DO PAZO DE TRANSFONTAO E EDIFICACIÓNS ANEXAS, NO LUGAR DE SANTA BALA DE SILLEDA-TRANSFONTAO, DO CONCELLO DE SILLEDA (EXPDTE 12/014).

Examinada a documentación que consta no expediente instruído ao abeiro do establecido no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUG), e á vista dos



informes do Servizo de Urbanismo de Pontevedra que constan no expediente, resulta:

ANTECEDENTES

1. Con data 10.02.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda do expediente administrativo municipal no que José Luis Álvarez Vieites, con D.N.I. 44807914-G, actuando en representación de INDEPENDENCIA2, SA, con C.I.F. A-79062949, solicita autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico previa á concesión da licenza urbanística municipal, para a rehabilitación do Pazo de Transfontao e edificacións anexas, no lugar de Santa Baia de Silleda-Transfontao, do Concello de Silleda (Pontevedra). Coa solicitude e achegan, entre outros documentos:

- unha copia do proxecto redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Cao e visado o 10.08.2011;*
- unha copia do anuncio publicado no xornal "Faro de Vigo" o día 03.11.2011 e da certificación da secretaria do Concello de Silleda de data 14.12.2011 do trámite de exposición pública e da non presentación de alegacións ó mesmo;*
- unha copia do informe de 18.11.2011 do Concello de Silleda no que indica que os terreos atópanse en solo clasificado como solo rústico e que o Pazo de Transfontao é un ben catalogado.*
- unha copia da certificación do acordo de 30.12.2011 da Xunta de Goberno Local do Concello de Silleda na que se ordena a remisión do expediente a esta Consellería e á Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural.*

Con data 15.06.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda do modificado do proxecto presentado por INDEPENDENCIA 2, SA, redactado polo arquitecto Paulino Sánchez Cao en maio de 2012 e sen visar, do informe favorable do arquitecto municipal, da autorización de 12.07.2012 da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Con data 10.08.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda dunha copia dos estatutos de INDEPENDENCIA2, SA e da autorización desta entidade a José Luis Álvarez Vieites para actuar en nome dela no ámbito desta autorización.

Con data 13.09.2012 tivo entrada no edificio administrativo de Pontevedra a remisión polo concello de Silleda dos seguintes documentos:

En ningún caso el Técnico-Director municipal o el adjudicatario podrán introducir o ejecutar modificaciones en el objeto de este contrato sin la debida aprobación técnica así como aprobación por el órgano de contratación competente, previa la preceptiva fiscalización del gasto y existencia de crédito, según procedimiento y requisitos e informes establecidos en esta normativa.

25) SUSPENSIÓN DEL CONTRATO

Se aplicará lo regulado en el art. 220 del RDLeg 3/2011 TRLCSP

26) CESIÓN DE CONTRATO Y SUBCONTRATO.

Los adjudicatarios no podrán ceder el contrato (art. 226 del RDLeg 3/2011 TR LCSP) o subcontratar la ejecución del mismo (art. 227 del RDLeg 3/2011 TR LCSP), salvo en los términos señalados en los citados artículos.

26) DEVOLUCIÓN O CANCELACIÓN DE LA GARANTÍA DEFINITIVA.



Cumplidas por el contratista las obligaciones derivadas de este contrato, si no resultaren responsabilidades que hayan de ejercitarse sobre la garantía definitiva, y transcurrido el periodo de garantía, se dictará acuerdo de devolución o cancelación de aquella, previos los informes municipales pertinentes.

Se aplicará lo regulado en el art. 95 a 102 del RDLeg 3/2011 TRLCSP sobre la garantía definitiva, y en concreto lo relativo a las responsabilidades a que está afecta, preferencias para su ejecución, y su devolución y cancelación.

27) RESOLUCIÓN DEL CONTRATO.

Serán causas de resolución del contrato y efectos de su resolución lo especificado en los artículos 221 y siguientes del RDLeg 3/2011 TRLCSP.

En especial se aplica art. 299 y 300 del RDLeg 3/2011 TRLCSP sobre contrato de suministro

28) GASTOS DE ANUNCIOS Y TRIBUTOS.

El adjudicatario está obligado a pagar los gastos de publicación de los anuncios de licitación en Diarios Oficiales así como en un diario de prensa (por una sola vez).

Asimismo, deberá pagar todos los Impuestos, Contribuciones, Tasas y Precios Públicos que pesen sobre el contrato o, en su caso, sobre el objeto del contrato.

29) PRERROGATIVAS DE LA ADMINISTRACIÓN.

Compete al órgano de contratación las prerrogativas de interpretar lo convenido, modificar las prestaciones por conveniencia del servicio y de suspender su ejecución por causa de utilidad pública, indemnizando, en su caso, los posibles daños y perjuicios ocasionados en los términos establecidos en los artículos 210 y 211 del RDLeg 3/2011 TRLCSP (prerrogativas de la Administración y procedimiento genérico para ejercerlas),

30) RÉGIMEN JURÍDICO.

La contratación a realizar se califica como contrato de suministro de carácter administrativo, de conformidad con lo establecido en los artículos 9.1 y 19 del RDLeg 3/2011, Texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, quedando sometida a dicha ley y normativa contractual de desarrollo y a las cláusulas particulares contenidas en el presente pliego de cláusulas administrativas.

Igualmente serán de aplicación las demás normas que regulan la contratación de las administraciones públicas.

Las cuestiones litigiosas surgidas sobre interpretación, modificación, resolución y efectos de este contrato serán resueltas por el órgano de contratación, cuyos acuerdos pondrán fin a la vía administrativa y contra los mismos habrá lugar

a recurso Contencioso-Administrativo, conforme a lo dispuesto por la Ley Reguladora de dicha Jurisdicción, previa interposición, en su caso, del recurso de reposición potestativo y sin perjuicio de la interposición de cualquier otro recurso que los interesados estimen procedente en aplicación de la normativa de contratos del sector público.

En todo lo no regulado en el presente pliego se aplicará lo establecido en el RDLeg 3/2011, 14 de noviembre, por el que se aprueba el Texto refundido de la ley e Contratos del Sector Público, el RD.817/2009, 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley de Contratos del Sector Público, y el R.D. 1098/2001, 12 de octubre, reglamento general de la ley de contratos de las Administraciones públicas., y demás normativa concordante en la materia.

En particular teniendo en cuenta el objeto de este concreto contrato de suministro, se tendrá en cuenta la L.O.15/1999, 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, la L.O. 4/1997 de 4 de agosto por la que se regula la utilización de videocámaras por las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad en lugares públicos, la Instrucción 1/2006, de 8 de noviembre de la Agencia Española de Protección de Datos, sobre el tratamiento de datos personales con fines de vigilancia a través de sistemas de cámaras y videocámaras.

Silleda, 22 de octubre de 2012.

La Alcaldesa.- Paula Fernández Pena”

Visto o Pliego de Prescripciones Técnicas, asinado polo arquitecto asesor do Concello, Lino Doportor Framil, en data 03 de outubro de 2012, que literalmente di:

“PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS INSTALACIÓN DE CÁMARAS DE VIDEOVIGILANCIA NO POLÍGONO INDUSTRIAL PARQUE EMPRESARIAL ÁREA 33 DE SILLEDA

1 REQUISITOS TÉCNICO-FUNCIONAIS

1.1 Subministración dos equipos

O conxunto de equipos que o Concello considera necesario adquirir e poñer en marcha son os descritos a continuación:

<i>Cantidad</i>	<i>Descripción</i>
-----------------	--------------------



6 Uds. *Cámara de vixiancia instalada. Composta de: Cámara conmutable D&N con ICR de 1/3" SuperHAD. 752x582 elementos, 600 líneas de resolución color y 700 en B/N. Tecnología XDR para mejores contraluces. Iluminación mínima 0,05 lux en color y hasta 0,0001 lux en B/N con integración de campos x512. 220 Vac. Montura C/CS. Relación señal / ruido 52 dB. AES. AGC. DC / Video iris. Menú en pantalla OSD controlado por protocolo Coax o RS485. Detección de movimiento, 12 zonas de privacidad. Zoom digital x16. Estabilizador de imagen. DNR Adaptativo (tecnología avanzada de reducción de ruido).*

1 Uds. *Grabador dixital TCP/IP 250 GB. Grabador digital 8 entradas de video. 200ips grabación en CIF y 100ips en calidad 2CIF. Transmisión TCP/IP incorporada, control de telemetría via RS485 compatible Pelco. Visualización desde terminal de telefonía móvil. Videosensor, 2 puertos USB para backup. 3 salidas de monitor (VGA+BNC Pral+BNC Secundario), salidas en puente, 4 entradas y 1 salida de audio. 8 entradas de alarma y 8 salida TTL. Compatible DDNS, menús en español. Web Server y software remoto incluido. Hasta 4 discos duros internos. Mando IR incluido. Disco duro 1 TB SEAGATE SATAII 7200 rpm*

2050 m. *Cableado*

1 Ud. *Posta en marcha*

1 Ud. *Legalización (Lei de Protección de Datos). En cumplimiento del Reglamento de Seguridad Privada, se formalizará un contrato debidamente diligenciado en la DGP. La captación y tratamiento de imágenes están sometidas a la Ley Orgánica 15/1999 de 13 de diciembre de Protección de Datos de Carácter Personal: Si el sistema de videovigilancia genera un fichero el responsable deberá notificarlo previamente a la Agencia Española de Protección de Datos, para su inscripción en el Registro General de la misma. Esto ocurre siempre que exista algún tipo de grabación. El Deber de Informar, a través de un distintivo informativo (según la Instrucción 1/2006), cuyo uso y exhibición es obligatoria. Además el responsable del fichero dispondrá de un impreso descriptivo de cautelas, registros y procedimientos de respuesta ante peticiones de derechos.*

O equipamento instalarse no emprazamento indicado no Prego de Cláusulas Administrativas.

Calquera elemento do equipo ou material non especificado explicitamente nos

esquemas ou neste documento e que sexa necesario para dotar de completa funcionalidade ao sistema de monitorización, debe ser proporcionado cun nivel de calidade consistente co resto dos elementos especificados.

1.1.1 CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

Os equipos cuxa subministración se contrata terán as seguintes características:

1.1.1.1 Características e prestacións mínimas das cámaras IP

Seis cámaras IP a subministrar deberán ser, como mínimo, conmutables D&N con ICR de 1/3" SuperHAD. 752x582 elementos, 600 liñas de resolución color y 700 en B/N. Tecnología XDR para mejores contraluces. Iluminación mínima 0,05 lux en color y hasta 0,0001 lux en B/N con integración de campos x512. 220 Vac. Montura C/CS. Relación señal / ruido 52 dB. AES. AGC. DC / Video iris. Menú en pantalla OSD controlado por protocolo Coax ou RS485. Detección de movemento, 12 zonas de privacidad.

Zoom dixital x16. Estabilizador de imaxe. DNR Adaptativo (tecnoloxía avanzada de redución de ruído).

Seis ópticas Varifocal de 3-8 mm para cámaras D&N. Con Autoiris DC, 1/3", Rosca CS, F 1.0, Asférica.

Seis carcacas de exterior e soporte con paso interno de cables incluído. Apertura lateral, fabricada en tecnopolímero. Protección IP67, calefactor a 220 Vac. Área útil 250 x 70 x 70 mm.

Accesorio de montaxe en poste para soporte de carcasa e posicionador.

1.1.1.2 Características e prestacións mínimas do Software de Monitorización de PDU

Todos os traballos de integración dos elementos subministrados coas plataformas de software inclúense no alcance do subministro e correrán por conta da empresa adxudicataria.

Ademais da integración, a empresa adxudicataria deberá configurar un sistema de envío de notificacións (vía e-mail e SMS) que notifique tanto alarmas coma situacións de risco. Para definir as situacións de risco, estableceranse límites para os valores que o Concello de Silleda identifique que poderían supor risco para a continuidade do servizo.



1.1.1.3 Características e prestacións mínimas do Subsistema de Circuito Pechado de Televisión

As imaxes das cámaras serán rexistradas en formato dixital con unha calidade suficiente que permita identificar as persoas.

O sistema deberá gardar en liña as imaxes gravadas por un período non inferior a 1 mes, transcorrido o cal poderán pasarse a un sistema alternativo de copia seguridade por outro período non inferior a 6 meses.

O modelo de cámara a utilizar será o que cumpra coas especificacións técnicas detalladas anteriormente.

O Sistema de Vixilancia deberá ofrecer xestión, control e monitorización das cámaras das áreas tal e coma se amosa nos planos que se xuntan.

1.1.1.4 Equipo e material non especificado

Ademais do material descrito anteriormente, deberase subministrar toda a electrónica de rede e o pequeno material necesario (latiguiños, fontes de alimentación, etc...) para a posta en marcha do sistema de monitorización completo (incluíndo o mesmo posible crecemento estimado para a instalación eléctrica).

1.2 Instalación e formación

1.2.1 INSTALACIÓN

O equipamento instalarase nos emplacements indicados no Prego de Cláusulas Administrativas.

A instalación será realizada polo adxudicatario quen emitirá informes de seguimento con unha periodicidade mínima dunha semana no que se indique o desenvolvemento e a posterior finalización da instalación.

1.3 Garantía

1.3.1 GARANTÍA PROPOSTA

Os oferentes achegarán unha proposta que no seu conxunto proporcione garantía de funcionamento do subministro demandado, atendendo aos termos que se describen no seguintes puntos.

1.3.1.1 Garantía postvenda

As ofertas incluírán un Plan de actuacións preventivas no que, para cada un dos equipos subministrados, se fagan constar as actuacións mínimas a levar a cabo así como a periodicidade das mesmas, a modo de actuacións preventivas, co fin de detectar e corrixir os pequenos defectos que, corrixidos a tempo, poidan evitar posteriores interrupcións do servizo.

1.3.1.2 Reparación de avarías

1.3.1.3 Enténdese por traballos de reparación de avarías a resolución, nun tempo inferior o indicado no punto 1.3.3.4, de todas as incidencias que afecten a calquera dos equipos subministrados.

1.3.1.4 Tarefas a realizar en relación coa garantía postvenda

As revisións preventivas serán coordinadas polo Centro de Xestión de Rede e levaranse a cabo nos intervalos de tempo que este defina dependendo de cada caso a fin de que o servizo véxase afectado na menor medida posible. O non cumprimento dos prazos establecidos para a realización dos traballos terá as penalizacións correspondentes definidas na folia de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

En cada actuación de garantía a empresa adxudicataria cumprimentará un documento ao efecto que será entregado ao Centro de Xestión de Rede.

1.3.1.5 Tarefas a realizar en relación coa reparación de avarías

Unha vez que o Centro de Xestión de Rede comunique a existencia da incidencia á empresa adxudicataria, esta, seguindo o procedemento descrito no punto 3.3.3.5 da resolución de incidencias, e de acordo á prioridade da incidencia transmitida polo Centro de Xestión de Rede, procederá á resolución do problema no menor tempo posible.

A empresa adxudicataria deberá realizar unha análise previa do material que puidese ser necesario para a resolución do problema a fin de evitar perdas de tempo que se producirían ao non dispoñer dos elementos básicos necesarios.

Posto que ao longo da intervención para a resolución da incidencia pode ser necesaria a substitución do equipo por outro equivalente, e a fin de acurtar os tempos de resolución das incidencias, todas as reparacións irán orientadas á substitución de conxuntos, procedendo posteriormente, unha vez restablecido o servizo, ao diagnóstico detallado dos elementos do equipo que puidesen provocar o fallo. O equipo que substitúa ao avariado, nestes casos de substitución, será configurado seguindo as instrucións do Centro de Xestión de Rede, garantindo en



todo momento a seguridade e a confidencialidade de toda a información tratada.

O responsable da empresa adxudicataria non poderá pechar a incidencia ata que o Centro de Xestión de Rede certifique o correcto funcionamento do equipo, realizando, se fose preciso e seguindo as instrucións do Centro de Xestión de Rede, a configuración dos parámetros necesarios ou a recarga do software do equipo afectado para o seu correcto funcionamento.

1.3.2 CONDICIÓNS DE GARANTÍA DO SUBMINISTRO

A garantía de todos os equipos subministrados e de programas subministrados ou desenvolvidos neste PPT será de polo menos dous (2) anos.

1.3.2.1 Prestacións

1.3.2.1.1 Persoal de servizo técnico

O oferente contará con persoal técnico (propio ou alleo) que poida dedicarse á garantía dos equipos e sistemas obxecto deste contrato.

1.3.2.1.2 Disponibilidade de novas actualizacións

O oferente poderá garantir a dispoñibilidade sen custo adicional de novas actualizacións principais de todo o equipo lóxico obxecto do contrato nun prazo máximo de dous meses a partir da súa liberación polo fabricante. A implantación dos produtos subministrados como consecuencia do cumprimento desta prestación requirirá a autorización expresa do director técnico.

A subministración da actualización incluírá tanto os produtos como a documentación asociada.

A actualización non se considerará finalizada sen a realización das comprobacións e diagnósticos asociados que condúzan ao pleno funcionamento das aplicacións ou sistemas baseados no sistema lóxico que se actualiza e que ata ese momento estivesen en explotación, mantendo todos os equipos ao mesmo e último nivel esixido polo Concello e, se é o caso, a implantación dos novos niveis nos contornos de desenvolvemento.

1.3.2.1.3 Liña de soporte remoto

O oferente poderá establecer unha conexión cos equipos que hai que manter que permita diagnosticar e, se é o caso, solucionar as incidencias que se presenten.

1.3.2.2 Prioridades nos traballos de garantía

A prioridade coa que unha incidencia debe ser atendida será establecida polo Centro de Xestión de Rede e comunicada oportunamente á empresa adxudicataria no momento da notificación da mesma. Establécense tres tipos de prioridades dentro dos traballos de garantía:

Prioridade tipo 1: Defínese como máxima prioridade (tipo 1) aquela que lle corresponde a un equipo totalmente fóra de servizo e que afecta a un servizo crítico ou a un conxunto de equipos elevado.

Prioridade tipo 2: Defínese como prioridade media (tipo 2) aquela que lle corresponde a un equipo total ou parcialmente fóra de servizo e que afecta a un conxunto de equipos intermedio dun servizo non crítico.

Prioridade tipo 3: Defínese como prioridade baixa (tipo 3) aquela que lle corresponde a unha situación na que a incidencia afecta de forma parcial a un conxunto reducido de equipos dun servizo non crítico.

1.3.2.3 Tempos de resposta

Defínese o tempo de resposta como o período que transcorre desde a notificación á empresa adxudicataria dunha incidencia por parte do Centro de Xestión de Rede ata que o persoal técnico da mesma procede a atendela, presentándose fisicamente no lugar da mesma se así fose necesario.

Os tempos de resposta máximos a cumprir pola empresa adxudicataria, en función da prioridade da incidencia, son os seguintes:

<i>Prioridade 1</i>	<i>Prioridade 2</i>	<i>Prioridade 3</i>
---------------------	---------------------	---------------------

<i>30 Minutos</i>	<i>1 Hora</i>	<i>2 Horas</i>
-------------------	---------------	----------------

1.3.2.4 Tempos de resolución

Defínese o tempo de resolución dunha avaría como o período transcorrido desde a notificación á empresa adxudicataria dunha incidencia e o restablecemento do servizo, ben reponendo os medios orixinais ou ben de forma temporal con outros medios alternativos. Sempre que o Concello de Silleda facilite o acceso ás instalacións, o tempo de resolución non deberá ser superior a:



Prioridade 1 Prioridade 2 Prioridade 3

1 Hora

2 Horas

4 Horas

1.3.2.5 Procedementos

Todas as actividades de garantía do presente concurso, realizaranse seguindo estritamente os procedementos que se describen a continuación.

Co fin de poder cumprir cos tempos de resposta marcados a empresa licitante fará constar os medios técnicos e de transporte cos que esta conta.

O período de cobertura para os equipos obxecto deste contrato será de 24 horas ao día, sete días á semana (7x24).

Para a recepción de incidencias a empresa adxudicataria contará cun servizo de recepción das mesmas, que funcione as 24 horas do día os 365 días do ano, quen enviará ao Centro de Xestión de Rede o acuse de recibo que confirme a recepción da incidencia por parte da empresa adxudicataria no prazo dos seguintes 5 minutos despois do envío da mesma por parte do Centro de Xestión de Rede. A tal fin, as empresas licitantes indicarán os medios de contacto para cumprir con este requirimento.

A empresa adxudicataria deberá contar cos medios necesarios para que, no caso de que o Centro de Xestión de Rede poña no seu coñecemento a existencia dunha incidencia, a empresa adxudicataria responda dunha forma eficiente no menor tempo posible. O Centro de Xestión de Rede poderá solicitar información puntual á empresa adxudicataria.

1.3.2.5.1 Procedemento de garantía postvenda

De acordo á planificación levada a cabo polo Centro de Xestión de Rede, a empresa adxudicataria efectuará as actuacións preventivas seguindo o procedemento descrito a continuación:

a) O Centro de Xestión de Rede remitirá un escrito á empresa adxudicataria solicitando os traballos de garantía.

b) A empresa adxudicataria procederá a levar a cabo as actuacións solicitadas.

c) A empresa adxudicataria, unha vez realizada correctamente a actuación,

procederá a cumprimentar o Acta de Aceptación de Traballos. En devandita acta poderán indicarse todas aquelas consideracións que deban ser tidas en conta polo Centro de Xestión de Rede de cara a actuacións futuras.

d) Unha vez executado o traballo e cumprimentada o Acta de Aceptación de Traballos esta será asinada polo Centro de Xestión de Rede.

1.3.2.5.2 Procedemento de Resolución de Incidencias (reparación de avarias)

O procedemento a desenrolar no caso de presentarse unha incidencia será o seguinte:

a) O Centro de Xestión de Rede comunicará a incidencia á empresa adxudicataria, informándolle de todos os datos relacionados co equipo e orixe do problema, así como todos os datos necesarios para a localización xeográfica do centro no que se atopa, incluíndo entre esta información os datos dunha persoa e un teléfono de contacto.

b) A empresa adxudicataria rexistrará en tempo real a incidencia e procesaraa en función da prioridade asignada polo Centro de Xestión de Rede.

c) A empresa adxudicataria informará ao Centro de Xestión de Rede, no prazo dos 5 seguintes minutos, do número da incidencia que lle servirá a este para calquera reclamación posterior ou seguimento. O Centro de Xestión de Rede deberá ser informado pola empresa adxudicataria do estado da incidencia no momento en que este o requira.

d) Desde o momento no que o Centro de Xestión de Rede comunica a existencia da incidencia e ata a completa restauración do servizo, o proceso de resolución será responsabilidade da empresa adxudicataria. Durante o proceso de resolución a empresa adxudicataria poderá solicitar ao Centro de Xestión de Rede información adicional á proporcionada nun primeiro momento. Así mesmo, a empresa adxudicataria informará ao Centro de Xestión de Rede de todos os acontecementos relevantes que xurdan durante todo o proceso. Unha vez resolta satisfactoriamente unha incidencia levaranse a cabo as seguintes accións:

i. O técnico da empresa adxudicataria antes de abandonar o local onde se produce a incidencia, sempre que a solución da incidencia teña requirido o devandito desprazamento, chamará ao Centro de Xestión de Rede para que este comprobe que o servizo foi restablecido e dea a súa aprobación.



ii. Unha vez que se conte coa aprobación do Centro de Xestión de Rede, o técnico da empresa procederá a pechar a incidencia.

iii. O técnico da empresa adjudicataria cumprimentará o Parte de Incidencia coa descrición do problema e as accións efectuadas para resolvela, ademais de todos os datos necesarios para identificala tales como: número da incidencia, nome e apelidos do técnico, data e hora da incidencia, diagnóstico da mesma, actuacións levadas a cabo, data e hora de peche da mesma.

e) O Centro de Xestión de Rede aceptará a reparación asinando o correspondente parte de incidencia, quedándose coa copia que o responsable da empresa adjudicataria lle entregue.

f) A firma do Centro de Xestión de Rede non supoñerá compromiso por parte deste de que a incidencia quede definitivamente resolta, especialmente en incidencias intermitentes.

1.3.2.5.3 Escalado de Incidencias

Cando o técnico desprazado non teña a capacidade de resolver o problema cos coñecementos e os medios dos que dispón, e co fin de poder solucionar o problema de forma satisfactoria, será a súa responsabilidade o realizar as xestións oportunas para escalar adecuadamente a incidencia dentro da estrutura propia da empresa, ou ata, se isto fose necesario, fóra da mesma, ata atopar un xeito rápido e eficiente de resolver o problema. Todas as actuacións levadas a cabo pola empresa adjudicataria a través dos seus técnicos deberán ser previamente notificadas ao Centro de Xestión de Rede para o seu coñecemento e aprobación.

As empresas licitantes deberán facer constar os contratos e acordos que teñan en vigor cos fabricantes dos equipos subministrados, a fin de poder avaliar a calidade de servizo que estarán en disposición de prestar no caso do escalado dunha incidencia aos mesmos.

1.3.2.5.4 Substitución Temporal

Nas avarías dos equipos, en casos excepcionais, e previa aprobación do Centro de Xestión de Rede, poderase proceder á Substitución Temporal das unidades avariadas ou defectuosas por outras de características similares, a condición de que sexa previsible un tempo de reparación que poida exceder os valores de tempos de resolución de incidencias definidos no apartado correspondente.

Unha vez reparado o equipo avariado, este será devolto o máis axiña posible ao seu

lugar de orixe para a súa configuración e posterior instalación pola empresa adxudicataria substituíndo o equipo que fora instalado temporalmente.

Posto que se trata dunha substitución temporal, establécese un tempo máximo de 5 días para a reposición do equipo orixinal ou outro de idénticas características, sendo de aplicación as penalizacións definidas na folia de especificacións do prego de cláusulas administrativas por incumprimento destas condicións.

1.3.2.5.5 Fiestra de cambios

No caso de que un cambio ou reparación afecte ao funcionamento da infraestrutura deberase acordar a fiestra de cambios co Centro de Xestión de Rede, quen poderá tomar como decisión realizar o cambio ou reparación no horario que mellor se axuste o funcionamento dos servizos da Rede Corporativa. Poderase pedir que a actuación se realice fóra do horario de funcionamento habitual sen custo adicional.

2 CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN

2.1 Requirimentos de execución

Garantirase unha integración plena do novo equipamento coas ferramentas de xestión utilizadas polo Centro de Xestión de Rede (HP Openview e CiscoWorks ou similar) para a monitorización e control dos sistemas da Rede Corporativa.

O adxudicatario deberá contar cos medios propios, de toda índole, necesarios para levar a cabo con éxito o subministro obxecto do contrato, a axeitada e óptima execución do servizo, o control do mesmo así como a seguridade na protección de datos.

O adxudicatario aportará pola súa conta, e coa previa autorización do Concello, as ferramentas hardware e software complementarias e compatibles cos Sistemas de Información que emprega o Concello e que estime pertinentes para o axeitado e mellor cumprimento das prestacións que constitúen o obxecto do contrato.

2.2 Medidas de protección medioambiental

O adxudicatario comprométese a seguir as consideracións marcadas no proxecto MABER (capítulos I e II) sobre o establecemento de pautas medioambientais e ergonómicas na adquisición e emprego de bens e servizos de tecnoloxías da información, impulsado polo Ministerio de Administracións Públicas.

En particular, non se utilizarán produtos ou elementos que podan ter unha incidencia negativa na protección atmosférica, como por exemplo, os clorofluorocarbonos (CFC).



Os equipos ofertados deberán incorporar medidas de aforro enerxético e os requisitos da Directiva 2003/108/CE sobre residuos eléctricos e electrónicos, e da Directiva 2002/95/CE sobre restricións na utilización de determinadas substancias perigosas en aparatos eléctricos e electrónicos, así como a adhesión a un sistema integrado de xestión de residuos.

Seguindo a estratexia GreenIT do Concello de Silleda para un uso eficiente dos recursos computacionais, minimizando o impacto ambiental, maximizando a súa viabilidade económica e asegurando deberes sociais, requirese dos oferentes o subministro de solucións encamiñadas ao aforro enerxético e á redución das emisións de CO₂.

O adxudicatario será responsable da iniciativa, planificación e execución de todas as actuacións legalmente previstas en materia de residuos e de elementos substituídos no desenvolvemento dos seus traballos, especialmente no referido no R.D. 208/2005 de 25 de febreiro (BOE 26 de febreiro de 2005) sobre xestión de residuos eléctricos e electrónicos.

Asemade, o oferente describirá a metodoloxía para a recollida e reciclaxe daqueles elementos que podan ser obxecto de recuperación total ou parcial, indicando o tratamento aplicado ós mesmos.

2.3 Coordinación das tarefas de instalación e garantía do subministro

O adxudicatario deberá designar unha persoa que será o interlocutor único por parte do adxudicatario en relación a tódalas cuestións que o Concello estime oportunas. Este coordinador por parte do adxudicatario será a única figura que exerza as labores de dirección do equipo de traballo do adxudicatario. Este, ademais, deberá levar a cabo o control dos traballos realizando entre outras as seguintes tarefas:

- Control e seguimento da xestión das incidencias, avarías e consultas durante todo o seu ciclo de vida (apertura, resolución, peche, documentación, etc.), garantindo o seu correcto rexistro e clasificación na ferramenta común que o Concello determine -considerando tamén a posibilidade, cos condicionantes ao respecto que o Concello estime oportuno, de que dita ferramenta poda ser proposta polo adxudicatario a modo de mellora á prestación dos traballos e que deberá referir no correspondente apartado da oferta técnica-. Por conseguinte, velarase que o equipo de traballo rexistre toda a información acerca das actividades realizadas ao longo da prestación da garantía.*

- *Control e seguimento do tempo dedicado á realización das actividades levadas a cabo ao longo da prestación da garantía, utilizando a ferramenta que o Concello considere oportuna. A tal efecto, o Concello valorará tamén a posibilidade, cos condicionantes ao respecto que estime oportuno, de que dita ferramenta poda ser proposta polo adxudicatario a modo de mellora á prestación da garantía e que deberá referir no correspondente apartado da oferta técnica.*
11. *Calquera outro mecanismo que se determine para o control da garantía por parte do Concello.*

O adxudicatario debe ter en conta que a documentación asociada á recepción, rexistro, asignación, resolución e peche das incidencias e avarías debe ser completa e autoexplicativa, non aceptándose polo Concello o peche de fases que non expliquen detalladamente tódolos aspectos necesarios de tal xestión.

Os datos que se introduzan e consignen na aplicación que o Concello designe ao efecto, utilizaranse como única proba documental para valorar o grado de cumprimento do contrato.

O Concello exercerá o correspondente control a través do Centro de Xestión de Rede sobre os feitos e resultados de ditos procesos, debendo o adxudicatario completar debidamente a información cando así lle sexa requirido.

2.4 Seguimento dos traballos de garantía do subministro

En relación ao seguimento da garantía, a empresa deberá de facilitar á Concello informes de seguimento e avaliación do progreso dos traballos obxecto do contrato:

- *Tarefas e actividades planificadas para a prestación dos traballos de garantía.*
- *Coordinación das reunións e informes de seguimento.*
- *Verificación do cumprimento dos requisitos establecidos para a prestación dos traballos de garantía.*
- *Calquera outro asunto que considere de interese.*

Para o desenvolvemento destas funcións o Concello poderá requirir da empresa adxudicataria, en calquera momento, os informes que considere necesarios para o seguimento da súa actividade, ou ben poderá convoca-las reunións que considere



oportunas co coordinador e outros responsables da empresa adxudicataria para analiza-la información facilitada.

2.5 Metodoloxía e control de calidade

Durante a execución dos traballos, o Concello poderá establece-las accións de aseguramento da calidade sobre a actividade desenvolvida e os produtos obtidos que estime oportunas. A tal fin, o Concello poderá incorporar á realización dos traballos os recursos que considere oportunos para garantir a súa correcta execución.

2.6 Obrigas do adxudicatario relativas á información e publicidade comunitaria

O adxudicatario da contratación estará obrigado a cumprir as obrigas de información e publicidade comunitaria establecidas nos artigos 8 e 9 do Regulamento (CE) N° 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro de 2006 e no artigo 1, apartados 1) e 2), do Regulamento (CE) N° 846/2009 da Comisión, de 1 de setembro de 2009.

2.7 Formación

O oferente deberá contemplar cursos de formación relacionados co equipamento obxecto do subministro que inclúan tanto a formación en si por persoal técnico cualificado, coma a documentación técnica oportuna e o acceso á certificación final do fabricante correspondente en 4 contidos diferentes, como máximo, para un número mínimo de 15 asistentes e un número mínimo de 16 horas na totalidade dos cursos ofertados.

3 OUTROS

3.1 Seguridade e confidencialidade da información

O adxudicatario queda expresamente obrigado a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente nos de carácter persoal, que non poderá copiar ou empregar con fin distinto ao que figura neste PPT, nin ceder a outros nin sequer para efectos de conservación.

O adxudicatario deberá asumir en todo momento os protocolos de seguridade e control de accesos vixentes para as obras que estean en construción.

3.2 Transferencia tecnolóxica

Durante a execución dos traballos obxecto do contrato, o adxudicatario

comprométese a facilitar en todo momento ás persoas designadas polo Concello para tales efectos a información e documentación que estas soliciten para dispoñer de pleno coñecemento das circunstancias nas que se desenvolvan as tarefas de soporte, así como dos problemas que se poidan presentar e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizados para resolvelos.

3.3 Prevención de riscos laborais

O adxudicatario quedará obrigado ao máis estrito cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais, e en concreto, ao disposto na Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, na Lei 54/2003 que modifica a anterior, e no resto de normativa de Prevención de Riscos Laborais que lle sexa de aplicación en función do tipo de riscos aos que poidan estar expostos seus traballadores.

En virtude do disposto polo Real Decreto 171/2004 sobre Coordinación de Actividades Empresariais, o adxudicatario deberá:

- Cooperar cos responsables da execución na aplicación da normativa de prevención de riscos laborais.*
- Presentar, antes do inicio dos traballos, a avaliación de riscos propia da súa actividade e a planificación da súa actividade preventiva establecida para o período de duración do contrato.*
- Designar un coordinador en materia de prevención de riscos laborais e asegurarse de que, en todo momento, os traballadores da empresa adxudicataria que traballen na instalación cumpran estritamente as medidas de prevención.*
- Comunicar calquera accidente de traballo que teña lugar nas instalacións durante a execución da instalación.*
- Adicionalmente, e debido a que os traballos se desenvolverán dentro de obras en curso, o adxudicatario deberá:*
- Coñecer e aceptar, antes do inicio dos traballos, o plano de seguridade da obra dentro da que se vaian desenvolver os traballos.*

3.4 Estructura normalizada das ofertas

A oferta que presentarán os oferentes, na súa parte técnica, terá o seguinte esquema:



0. Índice

1. Solución achegada

1.1. Identificación da oferta

1.1.1. Identificación

1.1.2. Datos da empresa

1.2. Descrición da solución

1.2.1. Incorporarase neste apartado un resumo dos aspectos máis significativos e relevantes da solución ofertada, atendendo aos requirimentos técnicos explicitados neste prego, e aos criterios de valoración establecidos no prego de cláusulas administrativas.

1.2.2. Incorporarase o Plan de Integración do equipamento obxecto do subministro.

1.2.3. Indicarase o consumo máximo total en vatios de todos os equipos ofertados.

1.2.4. Incluírase o Plan de Probas a levar a cabo para validar o correcto funcionamento da solución.

1.2.5. Contratos ou acordos do licitador cos fabricantes do equipamento obxecto do subministro.

1.2.6. Deberase incluí-la información relacionada sobre a garantía do subministro e tarefas asociadas a realizar recollidas no apartado correspondente deste prego, seguindo a mesma estrutura e concretando, na oferta, os datos e actuacións que correspondan ao demandado en cada punto.

1.2.7. Descrición do centro de atención de recepción de incidencias relativas ao área de aplicación recollida no alcance da garantía a prestar.

1.2.8. Detallaranse os procedementos empregados para o rexistro e xestión de avarias e para calquera actividade requirida no presente documento.

1.2.9. Equipo de traballo implicado nas tarefas de instalación e garantía.

1.2.10. Tempos de resposta e resolución de incidencias

2. Execución do contrato

2.1. Prazo de entrega e garantía do subministro"

13.- APROBACIÓN PLIEGOS ADMINISTRATIVOS Y TÉCNICOS SUMINISTRO PATA TRAÍDA DE AGUAS DE SAN TIRSO, QUINTELA, ANDAMOLLO Y VILAVERDE (PARROQUIA DE MANDUAS).

Este asunto queda sobre a Mesa, a proposta da Alcaldesa, e por unanimidade

dos presentes.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as once horas e cincuenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretaria xeral, dou fe e certifico.

Silleda a 30 de outubro de 2012.

Vº e Prace
A ALCALDESA.

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe A secretaria xeral

Asdo. Cristina Alonso Losada